IGREXA DE SANTA EULALIA DE ABEGONDO

Xosé Troiano carril

A fachada de traza sinxela, aparece dividida en tres panos; os dous laterais, revestidos, vense remarcados pola pedra á vista dos esquinais, zócalo e cornixa, mentres que o central, delimitado por dúas pilastras de orde xigante, concentra a práctica totalidade dos elementos ornamentais. De abaixo arriba presenta: unha porta rectangular adovelada, unha xanela rectangular e unha fornela cunha imaxe da Virxe cunha palma na man dereita e un libro na esquerda. Rematando este pano central, unha espadana de dous corpos, o primeiro formado por dous arcos de medio punto que descansan sobre piares moldurados e serven para aloxa-las campás. O segundo un frontón triangular curvo flanqueado por dous pináculos moldurados con bóla e rematado por outro pináculo con bóla cunha cruz de forxa.

A campá grande situada no lateral dereito ten unhas medidas de 71 cm de diámetro con alto interior de 57 cm. O seu peso é duns 207 kg

No Terzo (T) da campá ten dous cordóns seguido da inscrición: “IHS MARIA Y JOSE ANO DE 1838”, seguido doutros dous cordóns. A letra “N” está escrita o revés.

No “Medio” (M) sitúase unha cruz con pedestal de tres chanzos decorada a base de pétalos. Ten tres cravos nos brazos da cruz. Pola metade do varal da cruz ten dous cordóns que cingue a campa. No centro do pedestal, ten a marca de fábrica coa inscrición que pertence o mestre fundidor: “MONDOÑEDO // BLANCO PALA // CIO ME HIZO”.

No “Medio Pé” (MP) pecha a decoración tres cordóns pegados a base do pedestal.

Antonio Blanco Palacio *veciño de San Pedro de Leocadia, Bispado de Mondoñedo, ven dunha saga de fundidores que ten a súa orixe en Santander, no Valle de Hoz. O primeiro da saga familiar xa instalado en Galicia foi Francisco Blanco Palacio, concretamente en Mondoñedo. O fundidor desta campá, sería o seu neto, que posiblemente asine de varias formas, ben como nesta, “MONDOÑEDO BLANCO PALACIO ME HIZO”, como na de Santiago da Coruña, “ME HIZO ANT^{O} BLANCO P^{LO}”, ou tamén como “Antº Blanco P^{LOS}, El Mindoniense”, como nas campás de Santa María de Azogue en Betanzos.*

Esta campá tócase a man cunha corda e ten xugo de madeira en moi mal estado.

Nesta fotografía óllase o xugo en moi malas condicións.

A campá pequena situada no lateral esquerdo ten unhas medidas de 58 cm de diámetro con alto interior de 51 cm. O seu peso é duns 113 kg

No Terzo (T) da campá ten unha cenefa, dous cordóns e a inscrición: “JHS MARIA Y JOSEP AÑO DE 1793”, seguido doutros dous cordóns. A letra “N” está escrita o revés.

No “Medio” (M) sitúase unha cruz con pedestal de catro chanzos decorada a base de estrelas. Pola metade do varal da cruz ten un cordón que cingue a campa.

No “Medio Pé” (MP) ten dous cordóns finos pegados a base do pedestal da cruz e unha inscrición que di: “YZOSE SINDO CURA DON FRAN^{CO} * ANTONIO LO^{PZ} * YBALINO COMISARIO DEL SA^{N}TO OFICIO DELA INQUISICION Y ALCI” , outros dous cordóns finos e continúa coa inscrición, “PRESTE DEL PARTIDO Y DE SANTA OLA YA DE BEGONDO”. Pecha dita inscrición con dous cordóns máis.

No “Pé” (P) pecha a decoración cun cordón.

Esta campá tócase a man cunha corda e ten xugo de madeira en bo estado. Non ten marca de fábrica pero a decoración da campá delata que está feita polo “Hermanos Ocampo” en Arcos da Condesa, Caldas de Reis.

DON FRAN
SANTA

PZ
DE BEGONA